



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 4 DE MAIO DE 2017

Presidente en funcións (Decreto 300/2017):

Don Ángel Rodríguez Conde.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Concelleiras e concelleiros ausentes:

Don Antonio Fernández Angueira.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día catro de maio de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do señor alcalde en funcións don Ángel Rodríguez Conde reúnen-se a señora Concelleira e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 6 DE ABRIL DE 2017.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o seis de abril de dous mil dezasete por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- DECLARAR DESERTA A LICITACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, PUNTO LIMPO E LIMPEZA DO MERCADO DOMINICAL DO CONCELLO DE PADRÓN. EXPTE. 02/2016-XSP-PA.

Por parte do señor Alcalde en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de abril de 2017:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de decembro do 2016 aprobouse o expediente de contratación número 02/2016-XSP-PA tramitado para a adxudicación do contrato de xestión do servizo público de recollida e transporte dos residuos sólidos urbanos, punto limpo e limpeza do mercado dominical

do Concello de Padrón, na modalidade de concesión, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria e ordenouse a apertura do procedemento de licitación, o que se fixo público mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.padron.gal ou www.contratosdegalicia.es) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 243.

Segundo. Dado que anuncio de licitación publicouse o 26 de decembro do 2016, o prazo de presentación das solicitudes de participación rematou o 25 de xaneiro do 2017, téndose presentado só 1 licitador, tal e como consta no certificado expedido pola secretaria municipal: Fomento de Construcciones y Contratas, SA.

Terceiro. O 1 de febreiro do 2017 reúnese a Mesa de Contratación para a apertura dos Sobres e acorda, en primeiro lugar, declarar admitida á única persoa licitadora participante, e en segundo lugar, realizar o 6 de febreiro do 2017 ás 9:30 horas no Salón de Plenos, o acto público de apertura dos Sobres B denominados "Proxecto de prestación do servizo". Este acto anúnciase no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.contratosdegalicia.es ou www.padron.gal).

Cuarto. O día indicado a Mesa de Contratación procede, en acto público, á apertura do Sobre B e acorda facer entrega ao Interventor accidental, José Marcelino Rivera Rarís e á Secretaría, Ana María Ares Álvarez, do contido íntegro do Sobre B presentado pola licitadora participante para os efectos da súa valoración de acordo ao establecido na cláusula 9.6 do prego de administrativas que rexen esta contratación.

Quinto. O 8 de marzo de 2017 emítese o informe solicitado e visto que no mesmo se relacionan unha serie de datos e/ou documentos que o proxecto presentado non recolle e que son obrigatorios segundo os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como unha serie de contradicións, a Mesa de Contratación, na reunión dese mesmo día (Acta 3), acorda requerir a Fomento de Construcciones y Contratas, SA, a subsanación daqueles datos non incluídos e a aclaración das contradicións detectadas, outorgándolle para elo un prazo máximo de 3 días hábiles.


Sexto. O 10 de marzo de 2017 remítese por correo postal o requerimento, sendo recepcionado pola licitadora o día 14 no seu enderezo de Madrid (en tanto que este enderezo é o que consta na declaración incluída no Sobre A para os efectos de notificacións), e o 22 de marzo recepcionase nas oficinas municipais o burofax remitido por Fomento de Construcciones y Contratas, SA, no que solicita unha prórroga do prazo de 3 días.

Sétimo. Na reunión do 10 de abril (Acta 4) a Mesa de Contratación acorda:

<<Denegar a prórroga do prazo outorgado para subsanar e aclarar o Proxecto de prestación do servizo dado que este prazo rematou o 17 de marzo do 2017 e a solicitude de prórroga recibeuse o 22 de marzo de 2017, é dicir unha vez excedido aquel, en aplicación do establecido no artigo 32.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, que di "en ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido". Débese ter en conta que a disposición derradeira 3ª do TRLCSP recolle que os procedementos regulados nesta lei rexeráanse en primeiro lugar polo disposto na mesma e nas súas normas de desenvolvemento e, subsidiariamente pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, aínda que esta última débese entender substituída neste caso pola Lei 39/2015 por aplicación do seu réxime transitorio (DT 3ª) que establece que os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei (o 1 de outubro do 2016) rexeranse pola normativa anterior. Para determinar cal é o momento de inicio dun procedemento de contratación acudimos á norma recollida na DT 1ª do TRLCSP que di que será o momento de publicación da correspondente convocatoria e no presente suposto a convocatoria realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de decembro do 2016 e o anuncio foi publicado no BOP o 26 de decembro do 2016, polo que lle resulta de aplicación a nova lei de procedemento.>>

Oitavo. Na mesma reunión a Mesa de Contratación acorda ademais:

"Primeiro. Outorgar ao "Proxecto de prestación do servizo" presentado pola única licitadora participante no procedemento convocado para a adjudicación do contrato de xestión do servizo público de recollida e transporte dos residuos sólidos urbanos, punto limpo e limpeza do mercado dominical do Concello de



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

*Padrón, expediente 02/2016-XSP-PA, unha puntuación total de **15,70** segundo o desglose que se recolle no ANEXO I a esta acta, de acordo aos criterios recollidos na cláusula 15 do prego de administrativas particulares que rexen este procedemento e ao informe emitido o 8 de marzo de 2017 polo interventor accidental e secretaria municipal. Para os efectos desta valoración tivéronse en conta especialmente os seguintes aspectos:*

- Divideuse a puntuación máxima de cada un dos servizos do apartado A) entre 3, posto que son tres os aspectos a valorar, e entre 4 cada un dos servizos complementarios do apartado B), posto que son catro os aspectos a valorar.*
- Na precisión e adecuación da proposta á realidade de Padrón dos servizos básicos, a valoración foi penalizada na medida en que non se inclueu a xeorreferenciación dos colectores, nin a súa numeración, nin o modelo de grafiado dos mesmos, nin o plano superposto de rutas e colectores; tamén porque non se inclúe o modelo de uniforme do persoal nin o seu sistema de identificación e porque existen contradicións e imprecisións na ubicación e funcionamento da oficina de atención ao cidadán, nin se fai referencia á recollida diaria desde o Xoves Santo ata o sábado de Pasquilla na zona urbana; para a recollida de papel-cartón porta a porta non se inclúe o inventario de establecementos e a delimitación do mercado dominical é errónea.*
- A calidade, eficacia e eficiencia dos servizos básicos foi penalizada dadas as contradicións detectadas e non aclaradas no número e tipo de colectores, pola falta de datos sobre as fórmulas de reconstrución ou substitución dos mesmos, pola falta de explicación do sistema de cobertura do persoal ante calquera incidencia, pola falta de explicación en ningún dos servizos de cales son obxectivos a acadar, e pola ausencia de memoria económica en ningún caso; tamén por propoñer un prazo maior que o recollido nos pregos para ter en funcionamento a páxina web, o teléfono gratuito de atención ao cidadán e a plataforma informática; por non indicar a vida útil de ningunha instalación, equipamento ou maquinaria nin incluír previsión algunha de mantemento dos colectores soterrados.*
- A eficiencia enerxética e a contaminación acústica e atmosférica non foi obxecto de valoración en ningún caso dado que no proxecto non se fai ningunha referencia a este aspecto, agás no suposto das sopladoras a empregar na limpeza do mercado dominical.*
- A implantación do servizo de recollida e transporte dos residuos orgánicos ou bio-residuos non é obxecto de valoración dada a falta de concreción da mellora. En xeral, se plantexa como unha experiencia piloto, e máis concretamente non indica a onde se levarían os residuos nin onde se colocarían os colectores nin quen se encargaría da súa limpeza e mantemento.*
- A mellora de dipoñer de persoal encargado da vixilancia e control do mercado dominical resulta penalizada por non respetar o horario previsto no artigo 28.1.H.g) do PPT.*
- A implantación do servizo de recollida de podas e xardinería resulta penalizado pola falta de concreción en canto a horarios, frecuencias, tempo máximo de espera, ferramentas e utensilios a empregar, etc.*
- O servizo de recollida de pilas, roupa usada e aceite doméstico penalízase por non concretar en que tipo de colectores ancorarán os de pilas, por non concretar a frecuencia do baleirado nin as operacións de limpeza e mantemento e tamén por non concretar o número de edificios e comercios onde os colocarían; en canto á roupa usada polas contradicións existentes sobre o número de colectores por número de habitantes, falta de concreción da zona de almacenaxe ou a frecuencia de baleirado e das labores de limpeza e mantemento; en canto ao aceite doméstico tampouco indican a frecuencia de recollida.*
- As campañas de concienciación descríbense de forma moi xenérica, sen adaptar a Padrón e sen ter en conta o disposto no artigo 10 do Regulamento de uso do galego.*

Segundo. Declarar excluído do procedemento a Fomento de Construcciones y Contratas, SA, por non

acadar o umbral mínimo de 20 puntos esixido na cláusula 15 do prego de administrativas particulares para superar esta primeira fase.

Terceiro. Propoñer ao órgano de contratación declarar deserta a licitación ao terse presentado unicamente unha licitadora e non ter esta superado o umbral mínimo de puntuación recollido na cláusula 15 do prego de administrativas particulares que rexen este procedemento."

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que tan só se ten presentado unha licitadora neste procedemento e que a cláusula 15 do prego de administrativas particulares que o rexen establece que "*Será preciso que as ou os licitadores obteñan un mínimo de 20 puntos no conxunto dos apartados anteriores (Sobre B) para pasar á valoración da oferta económica (Sobre C).*"

Segundo. Considerando que o artigo 22.1 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, atribúe ás Mesas de Contratación, entre outras funcións, as seguintes nos procedementos abertos:

"d) Cuando el procedimiento de valoración se articule en varias fases, determinará los licitadores que hayan de quedar excluidos por no superar el umbral mínimo de puntuación exigido al licitador para continuar en el proceso selectivo.

e) Valorará las distintas proposiciones, en los términos previstos en los artículos 134 y 135 de la Ley 3/2007, de 30 de octubre, clasificándolas en orden decreciente de valoración, a cuyo efecto podrá solicitar los informes técnicos que considere precisos de conformidad con lo previsto en el artículo 144.1 de la Ley de Contratos del Sector Público.

g) (...) En aquellos casos en que, de conformidad con los criterios que figuren en el pliego, no resultase admisible ninguna de las ofertas presentadas propondrá que se declare desierta la licitación."

Terceiro. Considerando o establecido na DA 2ª do TRLCSP e que a proposta supera o 10% dos recursos ordinarios, a competencia para neste contrato sería do Pleno da Corporación Municipal. Non obstante, o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, delega na Xunta de Goberno Local esta competencia, polo que


Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Declarar deserta a licitación do contrato de xestión do servizo públicode recollida e transporte dos residuos sólidos urbanos, punto limpo e limpeza do mercado dominical do Concello de Padrón, na modalidade de concesión, expte. 02/2016-XSP-PA, convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de decembro de 2016 por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria, ao ter participado no mesmo unha única licitadora (Fomento de Construcciones y Contratas, SA) e non acadar o seu "Proxecto de prestación do servizo" (Sobre B) o umbral mínimo de 20 puntos esixido na cláusula 15 do prego de administrativas particulares que rexen este procedemento para superar a primeira fase da valoración e poder pasar á seguinte (Sobre C), de acordo á proposta formulada pola Mesa de Contratación o 10 de abril de 2017 (Acta 4) e polos motivos expostos na mesma.

Segundo. Ordenar a publicación do presente acordo no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.padron.gal ou www.contratosdegalicia.gal) e dar traslado do mesmo á intervención municipal.

Terceiro. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o Pleno da Corporación Municipal.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación do presente acordo.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 21 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE REPOSICIÓN DE TELLAS EN CUBERTA DE VIVENDA SITA NA RÚA NOVA Nº 9, FORMULADA POR DONA MARÍA DEL CARMEN NÚÑEZ DE LA RIVA. EXPEDIENTE 124/2016/ITP.

Por parte do señor Alcalde en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 2 de maio de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 8 de xullo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6105, solicitude de informe técnico previo e tramitación de autorización sectorial por afección en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia para obras de reposición de tellas en cuberta de vivenda sita na rúa nova nº 9, con referencia catastral 7820504NH2372S0001HO, formulada por D^a María del Carmen Núñez de la Riva. Achégase coa solicitude orzamento, fotografías e plano de situación conforme o PXOM.

Segundo. En data 3 de outubro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

Terceiro. En data 5 de outubro de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de obter a correspondente autorización sectorial, acompañando copia do expediente administrativo.

Cuarto. En data 28 de marzo de 2017 ten entrada no Concello resolución sobre intervención no Camiño de Santiago do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 21 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas co cumprimento de certas condicións.

Quinto. En data 21 de abril de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3438, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para as obras obxecto do informe.

Sexto. En data 25 de abril de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Sétimo. En data 28 de abril de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A solicitude de emisión de informe técnico previo para tramitación da autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia ven determinada pola entrada en vigor da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, que modificou a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

Esta modificación veu a introducir unha dualidade de sistemas ou tramitacións para a obtención dun título habilitante municipal de natureza urbanística. Así, para as obras de certa entidade que requirisen da redacción dun proxecto técnico completo asinado por técnico competente se mantivo o ata entón único sistema de licenza urbanística previa, pero para as obras denominadas comúnmente menores, de escasa entidade e sinxeleza técnica, se determina a aplicación do procedemento de comunicación previa de obras.

Este sistema exige que se presente a comunicación previa para as obras cunha antelación de 15 días hábiles acompañando a mesma da documentación necesaria para que por parte dos servizos técnicos municipais se perciba claramente a intervención a realizar, así coma as autorizacións sectoriais que sexan necesarias para a intervención.

Isto plantexa un problema derivado da tramitación das autorizacións sectoriais en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia. O Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura tramita as devanditas autorizacións non a instancia dos promotores senón a través do Concello, e exige contar con informe técnico municipal favorable.

Desta forma, para poder obter a devandita autorización se articulou a nivel municipal un sistema de solicitude de emisión do referido informe nos casos en que as obras obxecto da comunicación previa están sometidas a algunha afección en materia de protección do patrimonio histórico que exige contar coa referida autorización ou informe sectorial previo, tramitándose ésta polo Concello e unha vez obtida completando a solicitude co formulario de comunicación previa, comezando nese momento o prazo para a toma de coñecemento ou a solicitude de emenda da comunicación.

No caso que nos ocupa, a vivenda obxecto da intervención se sitúa no casco histórico da Vila de Padrón, dentro do ámbito dun Ben de Interese Cultural declarado por Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro, polo que se declara paraxe pintoresca o entorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín da Vila de Padrón, polo que en virtude do disposto polo artigo 39 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, precisa autorización da Consellería competente en materia de protección do patrimonio histórico, neste caso a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Esta mesma necesidade de autorización sectorial se deriva da incursión do inmovible en zona cualificada coma solo urbano residencial de núcleo antigo (URNA) e incluída dentro do catálogo de protección do casco histórico do PXOM, na ficha número 6. A propia ordenanza URNA refire a obriga de contar con autorización sectorial da Consellería de Cultura en tanto non se aproba o plan especial do casco histórico, circunstancia que non se ten dado ata a data. Asemade, segundo o informe técnico municipal, a vivenda se atopa na marxe do Camiño Portugués de Santiago no seu paso a través da Vila de Padrón, o que redundaría na exixencia da devandita autorización sectorial.

Segundo. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de reposición de tellas en cuberta de vivenda sita na rúa nova nº 9, con referencia catastral 7820504NH2372S0001HO. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, sustituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Terceiro. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa solicitude de informe técnico municipal previo. Reposición de tellas da cuberta do inmovible para evitar filtracións de auga ao interior do mesmo, coa consideración de obras de conservación e mantemento, sen alterar a configuración da cuberta actual.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta no expediente resolución sobre intervención no Camiño de Santiago do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 21 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas co cumprimento de certas condicións. Non son necesarias, vista a conformidade técnica municipal, máis autorizacións ou informes sectoriais para a intervención comunicada, e neste senso a intervención tal e coma se solicita cumpre co condicionado establecido pola referida autorización sectorial, polo que non existe impedimento para a execución das mesmas sempre que se axusten ao solicitado.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

– Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a

imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE NÚCLEO ANTIGO (URNA), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Cuarto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.


Quinto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sexto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Sétimo. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que substitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 21 de abril de 2017, asinada por D^a MARÍA DEL CARMEN NÚÑEZ DE LA RIVA, para obras de reposición de tellas en cuberta de vivenda sita na rúa nova nº 9, con referencia catastral 7820504NH2372S0001HO, expediente 124/2016/ITP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Deberá dar cumprimento ao condicionado xeral e particular da resolución sobre intervención no Camiño de Santiago do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 21 de marzo de 2017.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Sexto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde en funcións do 2 de maio de 2017 nos termos expresados anteriormente.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE LAVADO E PINTADO DE FACHADA TRASEIRA DE INMOBLE SITO NA RÚA ENLACE PARQUE 3-5, FORMULADA POR DON VALENTÍN MUÑÍZ PÉREZ EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE. EXPEDIENTE 135/2016/ITP.

Por parte do señor Alcalde en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 2 de maio de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 3 de agosto de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6908, solicitude de informe técnico previo e tramitación de autorización sectorial por afección en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia para obras de lavado e pintado de fachada traseira de inmovible sito na rúa Enlace Parque 3-5, con referencia catastral 8019615NH2381N, formulada por D. Valentín Muñiz Pérez en representación da Comunidade de Propietarios do inmovible. Achégase coa solicitude orzamento, fotografías e copia de acta da Comunidade de Propietarios que acredita a representación do asinante.

Segundo. En data 11 de outubro de 2016 remítese requirimento ao interesado de documentación adicional necesaria para a tramitación da solicitude.

Terceiro. En data 21 de outubro de 2016 o interesado achega a documentación requirida.

Cuarto. En data 4 de novembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa favorablemente as obras solicitadas.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Quinto. En data 7 de novembro de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de obter a correspondente autorización sectorial, acompañando copia do expediente administrativo.

Sexto. En data 5 de abril de 2017 ten entrada no Concello resolución sobre intervención no Camiño de Santiago do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 3 de abril de 2017, favorable ás obras solicitadas co cumprimento de certas condicións.

Sétimo. En data 11 de abril de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3438, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para as obras obxecto do informe.

Oitavo. En data 21 de abril de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Noveno. En data 28 de abril de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A solicitude de emisión de informe técnico previo para tramitación da autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia ven determinada pola entrada en vigor da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, que modificou a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

Esta modificación veu a introducir unha dualidade de sistemas ou tramitacións para a obtención dun título habilitante municipal de natureza urbanística. Así, para as obras de certa entidade que requirisen da redacción dun proxecto técnico completo asinado por técnico competente se mantivo o ata entón único sistema de licenza urbanística previa, pero para as obras denominadas comúnmente menores, de escasa entidade e sinxeleza técnica, se determina a aplicación do procedemento de comunicación previa de obras.

Este sistema exige que se presente a comunicación previa para as obras cunha antelación de 15 días hábiles acompañando a mesma da documentación necesaria para que por parte dos servizos técnicos municipais se perciba claramente a intervención a realizar, así coma as autorizacións sectoriais que sexan necesarias para a intervención.

Isto plantexa un problema derivado da tramitación das autorizacións sectoriais en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia. O Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura tramita as devanditas autorizacións non a instancia dos promotores senón a través do Concello, e exige contar con informe técnico municipal favorable.

Desta forma, para poder obter a devandita autorización se articulou a nivel municipal un sistema de solicitude de emisión do referido informe nos casos en que as obras obxecto da comunicación previa están sometidas a algunha afección en materia de protección do patrimonio histórico que exige contar coa referida autorización ou informe sectorial previo, tramitándose ésta polo Concello e unha vez obtida completando a solicitude co formulario de comunicación previa, comezando nese momento o prazo para a toma de coñecemento ou a solicitude de emenda da comunicación.

No caso que nos ocupa, a vivenda obxecto da intervención se sitúa no casco histórico da Vila de Padrón, dentro do ámbito dun Ben de Interese Cultural declarado por Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro, polo que se declara paraxe pintoresca o entorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín da Vila de Padrón, polo que en virtude do disposto polo artigo 39 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, precisa autorización da Consellería competente en materia de protección do patrimonio histórico, neste caso a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de lavado e pintado de fachada traseira de inmovible sito na rúa Enlace Parque 3-5, con referencia catastral 8019615NH2381N. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Terceiro. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa solicitude de informe técnico municipal previo. Traballos de mantemento en fachadas, consistente en limpeza con lanza de auga, previa imprimación funxícida e pintado con pintura especial fachadas tipo Cinoflex ou Valastic, impermeable e transpirable, plastecido de fendas con polímero MS ou masillas elásticas, imprimación acrílica e selados de carpinterías (456,00 metros cadrados) en fachada traseira do inmovible.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta no expediente resolución sobre intervención no Camiño de Santiago do Servizo de Patrimonio Cultural da



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 3 de abril de 2017, favorable ás obras solicitadas. Non son necesarias, vista a conformidade técnica municipal, máis autorizacións ou informes sectoriais para a intervención comunicada.

- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitir as medidas de constrinximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE EDIFICACIÓN ENTRE MEDIANEIRAS (URME), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Cuarto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Quinto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estimase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sexto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Sétimo. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 21 de abril de 2017, asinada por D. VALENTÍN MUÑÍZ PÉREZ en representación da Comunidade de Propietarios do inmovible, para obras de lavado e pintado de fachada traseira de inmovible sito na rúa Enlace Parque 3-5, con referencia catastral 8019615NH2381N, expediente 135/2016/ITP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Sexto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde en funcións do 2 de maio de 2017 nos termos expresados anteriormente.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE FORMACIÓN DE RAMPLA DE ACCESO A GARAXE E SUBSTITUCIÓN DE PORTAL EN INMOBLE SITO NA RÚA FONDO DE VILA Nº 12, FORMULADA POR DON PABLO FERNÁNDEZ CARBALLO. EXPEDIENTE 192/2016/ITP.

Por parte do señor Alcalde en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 2 de maio de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 21 de novembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 9660, solicitude de informe técnico previo e tramitación de autorización sectorial por afección en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia para obras de formación de rampla de acceso a garaxe e substitución de portal en inmovible sito na rúa Fondo da Vila nº 12, con referencia catastral 7819715NH2371N0001FU, formulada por D. Pablo Fernández Carballo. Achégase coa solicitude orzamento, fotografías e datos catastrais, así coma croquis explicativo.

Segundo. En data 23 de decembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

Terceiro. En data 26 de decembro de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de obter a correspondente autorización sectorial, acompañando copia do expediente administrativo.

Cuarto. En data 10 de abril de 2017 ten entrada no Concello resolución sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 6 de abril de 2017, favorable ás obras solicitadas.

Quinto. En data 11 de abril de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3438, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para as obras obxecto do informe.

Sexto. En data 25 de abril de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Sétimo. En data 30 de abril de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada


FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A solicitude de emisión de informe técnico previo para tramitación da autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia ven determinada pola entrada en vigor da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, que modificou a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

Esta modificación veu a introducir unha dualidade de sistemas ou tramitacións para a obtención dun título habilitante municipal de natureza urbanística. Así, para as obras de certa entidade que requirisen da redacción dun proxecto técnico completo asinado por técnico competente se mantivo o ata entón único sistema de licenza urbanística previa, pero para as obras denominadas comúnmente menores, de escasa entidade e sinxeleza técnica, se determina a aplicación do procedemento de comunicación previa de obras.

Este sistema exige que se presente a comunicación previa para as obras cunha antelación de 15 días hábiles acompañando a mesma da documentación necesaria para que por parte dos servizos técnicos municipais se perciba claramente a intervención a realizar, así coma as autorizacións sectoriais que sexan necesarias para a intervención.

Isto plantexa un problema derivado da tramitación das autorizacións sectoriais en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia. O Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura tramita as devanditas autorizacións non a instancia dos promotores senón a través do Concello, e exige contar con informe técnico municipal favorable.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Desta forma, para poder obter a devandita autorización se articulou a nivel municipal un sistema de solicitude de emisión do referido informe nos casos en que as obras obxecto da comunicación previa están sometidas a algunha afección en materia de protección do patrimonio histórico que exige contar coa referida autorización ou informe sectorial previo, tramitándose ésta polo Concello e unha vez obtida completando a solicitude co formulario de comunicación previa, comezando nese momento o prazo para a toma de coñecemento ou a solicitude de emenda da comunicación.

No caso que nos ocupa, a vivenda obxecto da intervención se sitúa no casco histórico da Vila de Padrón, dentro do ámbito dun Ben de Interese Cultural declarado por Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro, polo que se declara paraxe pintoresca o entorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín da Vila de Padrón, polo que en virtude do disposto polo artigo 39 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, precisa autorización da Consellería competente en materia de protección do patrimonio histórico, neste caso a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Esta mesma necesidade de autorización sectorial se deriva da incursión do inmovible en zona cualificada coma solo urbano residencial de núcleo antigo (URNA). A propia ordenanza URNA refire a obriga de contar con autorización sectorial da Consellería de Cultura.

Segundo. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de formación de rampla de acceso a garaxe e substitución de portal en inmovible sito na rúa Fondo da Vila nº 12, con referencia catastral 7819715NH2371N0001FU. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Terceiro. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen

